

PROGRAMACIÓN
DE CICLO
EDUCACIÓN INFANTIL

Curso 2021 - 2022

| ÍNDICE | PÁX. |
|---|-------------|
| 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. | 2 |
| 1.1.- MARCO LEGAL. | 3 |
| 1.2.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO. | 3 |
| 2.- OBXECTIVOS. | 6 |
| 3.- CONTIDOS. | 9 |
| 4.- COMPETENCIAS BÁSICAS. | 19 |
| 5.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA. | 20 |
| 6.- ACTIVIDADES. | 22 |
| 7.- TEMPORALIZACIÓN. | 25 |
| 8.- AVALIACIÓN. | 26 |
| 8.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN. | 26 |
| 8.2.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. | 28 |
| 9.- OUTRAS ESPECIALIDADES. | 30 |
| 10.- ORGANIZACIÓN E RECURSOS. | 35 |
| 11.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. | 37 |
| 12.- CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO. | 39 |
| 13.- EDUCACIÓN EN VALORES. | 41 |
| 14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. | 42 |
| 15.- RELACIÓN COAS FAMILIAS. | 42 |
| 16.- ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO. | 44 |
| 17.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN. | 45 |
| 18.- MELLORAS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR. | 46 |

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

Toda actividade ou conxunto de actividades precisa dun plan, unha programación, para anticiparse ós imprevistos, e para afrontar o día a día co menor nivel de estrés posible e así ofrecer un clima tranquilo na aula. Máis adiante a confrontación coa realidade da aula permitiranos innovar e deixar espazos e tempos para introducir os cambios precisos en función do día a día, tendo en conta que unha programación deber ser tamén flexible para adaptarse as diferentes situacións que poidan xurdir. Desta forma, a organización da clase, permite un control continuo xa que incorpora a avaliación, e ten en conta a realidade do alumnado, actuando como guías dunha intervención coordinada, contextualizada, coherente e organizada.

Este curso 2021 - 2022 o centro conta con 4 aulas de educación infantil, polo que estamos programando para 4 aulas de segundo ciclo de educación infantil cunha xornada escolar única con horario de 9:00 h. a 14.00 h. de luns a venres.

O equipo de educación infantil, este curso, está composto polos seguintes membros:

- Adriana Lens Pérez, titora de 4º educación infantil.
- Catuxa Sayáns Amo ,titora de 5º educación infantil
- Rebeca Fernández Iglesias, titora de 6º educación infantil – grupo A.
- Maria Pilar Baliñas López, titora de 6º educación infantil – grupo B.
- Estefanía Sánchez De la Fuente, mestra de apoio de educación infantil e coordinadora do equipo de ciclo de educación infantil.

Ademáis das mestras titoras e mestra de apoio, neste ciclo imparten clase outros especialistas:

- Olga Salgueiro Louzao, mestra de inglés.
- Alfonso Conde Miguélez, mestre de educación física.
- Celia López Tubío, mestra de relixión.
- Laura Pazos Pintor, mestra de música.
- Mª Fe Toimil Vilar, mestra de audición e linguaxe.
- Elena García Saavedra, mestra de pedagogía terapéutica.

1.1.- MARCO LEGAL.

Esta programación segue as directrices da CCP segundo a reunión levada acabo a comezos do mes de setembro do presente curso. Para a súa elaboración tivéronse en conta os seguintes aspectos pedagóxicos e legislativos:

- *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Parcialmente modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.*
- *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*
- *Decreto 374/9196, do 17 de outubro que aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil, Colexios de Primaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria (ROC).*
- *Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.*
- O PE do centro.
- PXA.

1.2.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

O alumnado da etapa de educación infantil ten unhas características evolutivas que debemos ter en conta para a realización desta programación, tendo moi presente que cada neno/ a ten o seu propio ritmo de desenvolvemento e que debemos adaptarnos aos mesmos. A nivel xeral e a modo de resumo, destacamos as seguintes:

| Características | Alumnado de 3 anos | Alumnado de 4 anos | Alumnado de 5 anos |
|---------------------------------|--|---|--|
| Desenvolvemento socio-afectivo. | - Recoñecemento de si como suxeito diferenciado o que se | - Maior independencia e seguridade nas actividades cotiás | - Realización autónoma de actividades cotiás. - Consolidación |

| | | | |
|-----------------------------|---|---|--|
| | <p>mostra en actitudes de oposición e negación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incremento da autoconfianza. - Establecemento de vínculos cos iguais, aínda que predomina o “xogo en paralelo” e lazos afectivos alleos aos familiares e de apego. - Interese polo xogo simbólico. - Aumento de sensibilidade fronte aos sentimentos alleos. - Necesidade de límites e de rutinas que ordenen a súa conduta (etapa del personalismo). | <p>(hixiene, alimentación, tarefas escolares simples, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preferencia polos xogos con iguais. - Posibilidade de seguir normas sinxelas. - Evolución so xogo simbólico, con incremento no respecto polas normas que marcan os roles. - Incremento na capacidade para recoñecer ao outro como distinto e sensibilizarse cos seus sentimentos aínda que predomina a rivalidade nos vínculos. - Incipiente aparición da amizade entre o mesmo sexo. - Curiosidade sexual. | <p>progresiva do xogo con iguais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sofisticación do xogo simbólico e da súa adecuación ás pautas sociais. - Recoñecemento dos sentimentos alleos. - Respecto de normas e interese por adoptar comportamentos adecuados ás pautas vixentes no seu medio. - Adaptación a horarios establecidos. - Incipiente capacidade de cooperar. |
| Desenvolvemento cognitivo. | <ul style="list-style-type: none"> - Intelixencia práctica, ligada ao sensorial e caracterizada polas intuicións simples. - Pensamento egocéntrico (toma a súa propia percepción como absoluta), animista (atribúe conciencia aos obxectos). - Percepción sincrética (global e indiferenciada). - Progreso na adquisición da función semiótica. | <ul style="list-style-type: none"> - Pensamento egocéntrico, animista e transductivo. - Percepción sincrética. - Xustaposición de frases e incapacidade para relatar o explicar con coherencia pola dificultade para establecer relacións lóxicas. - Afianzamento da función semiótica. - Logro da representación de desprazamentos. | <ul style="list-style-type: none"> - Percepción sincrética con gradual discriminación e incorporación de elementos. - Acceso a intuicións articuladas, a partires da consideración de máis dunha dimensión do obxecto. - Progreso na capacidade de representación de obxectos e persoas familiares. - Pensamento animista, que vai restrinxíndose aos obxectos móbiles. - Posibilidade de seriar e clasificar. - Gradual acceso á reversibilidade do pensamento. |
| Desenvolvemento psicomotor. | <ul style="list-style-type: none"> - Aumento da harmonía, soltura e control do movemento. - Manexo de nocións espaciais (arriba-abaixo, diante- detrás) e temporais (antes-despois) básicas. - Autonomía no desprazamento e a | <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento do dominio da carreira con aumento do control da velocidade e os seus cambios, dos xiros e da parada. - Aumento do control do trazo e de movementos finos cotiás. | <ul style="list-style-type: none"> - Control, dominio e coordinación motriz, evidenciados na axilidade, soltura e harmonía do movemento. - Incremento do equilibrio e do control tónico e respiratorio. - Mellora da coordinación óculo- |

| | | | |
|------------------------------|--|---|---|
| | <p>atención dalgunhas necesidades básicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incremento do coñecemento sobre os segmentos e elementos corporais e o recoñecemento nos demais. - Aumento do control dos movementos de prensión (toma o lapis correctamente, recorta con certa precisión...). - Identificación, discriminación e coordinación de sensacións. - Adquisición de certo grado de representación simbólica do esquema corporal, manifesta na identificación da súa imaxe modificada. | <ul style="list-style-type: none"> - Incremento do coñecemento e a localización das partes do corpo en sí e nos demais. - Progresiva definición da predominancia lateral. - Logro da representación da figura humana. - Progresiva coordinación das nocións espaciais e temporais en concepcións máis obxectivas. | <p>manual, que permite realizar tarefas máis complexas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aumento do dominio sobre a inibição do trazo. - Coñecemento e localización de elementos externos e do corpo, incluíndo detalles, e algúns internos. - Afianzamento da predominancia lateral. - Representación detallada da figura humana. - Mellora no manexo das nocións espaciais e temporais, aínda irreversibles. |
| Desenvolvemento lingüístico. | <ul style="list-style-type: none"> - Progresa no plano fonolóxico. - Interese por ampliar o vocabulario e coñecer novos significados. - Monólogos frecuentes. - Coñecemento de datos persoais básicos (nome, idade, etc.). - Uso correcto do presente e incorrecto do pasado e o futuro. - Definición dos obxectos polo seu uso. - Vocabulario de 900 a 1.200 palabras. | <ul style="list-style-type: none"> - Emprego autónomo e creativo de distintos códigos de representación evidenciado na invención de termos. - Maior precisión no uso da linguaxe, que lle permite ser entendido por persoas alleas ao seu círculo. - Manexo de subordinadas causais e consecutivas. - Interese polos "por que" e "para que". - Mantemento de conversacións con interlocutores imaxinarios. | <ul style="list-style-type: none"> - Interese por verbalizar e dramatizar situacións. - Aumento da complexidade das estruturas gramaticais empregadas. - Capacidade para definir algúns obxectos pola súa finalidade e do seu aspecto. - Mellora na calidade das súas explicacións, que son máis explícitas, claras e completas. - Capacidade para expresar emocións e sentimentos que axuda a controlar su manifestación. |

No ciclo estan escolarizados, neste curso 2021 – 2022, un total de 66 alumnos/ as distribuídos do seguinte xeito:

- Aula de 4º educación infantil: 12 alumnos/ as.
- Aula de 5º educación infantil: 23 alumnos/ as.
- Aula de 6º educación infantil (grupo A): 17 alumnos/ as.
- Aula de 6º educación infantil (grupo B): 14 alumnos/ as.

Cada grupo ten unhas características xerais que debemos coñecer, pero tamén hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que necesitan do apoio máis específico das mestras de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica. Ademais contamos cunha coidadora (Cristina Ferreirós Sánchez), asignada a tres alumnos de 6º educación infantil (grupo A) e a un alumno de 5º educación infantil (grupo B). Temos en conta que, ademais dos mencionados, poden xurdir algunhas outras dificultades ó longo do curso e que tamén poderían precisar unha atención máis individualizada.

Despois de levar a cabo unha valoración inicial da enquisa facilitada polas familias sobre a lingua materna, debemos dicir que a súa lingua materna (na maioría dos casos) é o galego, polo que empregaremos como lingua de ensino-aprendizaxe o galego; coidando de que o alumnado adquira de forma oral e escrita a outra lingua oficial de Galicia (*Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*).

2.- OBXECTIVOS.

Tal e como se recolle no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, na Educación Infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Para tal fin, á hora de programar teranse como referente os obxectivos e contidos establecidos en dito Decreto para o segundo ciclo da Educación Infantil.

ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL:

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e alcanzando maior

autonomía persoal.

- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo capaces de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

ÁREA DE COÑECAMENTO DO MEDIO:

- Observar e explorar de forma activa o seu arredor, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións aos que están sometidos os elementos do arredor e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de

coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.

- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse a consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axutado a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega: expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía...
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando...

ÁREA DE LINGUAXE: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de deleite.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais –o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto– como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos (expresar

sentimentos, emocións, desexos, ideas...) con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.

- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir –tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita–, e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentimento de autoconfianza nas producións artísticas persoais, mostrando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TICS – ordenadores, internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo...– como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

3.- CONTIDOS.

ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL:

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe.

- Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.

- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas –que proveen dos propios músculos e articulacións– e as percepcións exteroceptivas, relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...
- Aceptación da propia imaxe corporal e deleite xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e en grupo, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo, a través de xestos, movementos, xogos, danzas...
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo – temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co medio e coas demais persoas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

Bloque 2. Xogo e movemento.

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, mostrando actitudes de iniciativa e constancia.
- Deleite co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de

axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de gozo e de relación cos demais.

- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos, como amizade, cooperación, axuda, solidariedade... Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e a valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo das outras persoas.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.
- Adquisición de nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, mostrando iniciativa para aprender habilidades novas.

Bloque 3. A actividade cotiá.

- Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos adecuados que lle permitan concluír os proxectos que inicia,

sendo capaz de solicitar e prestar axuda.

- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde.

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo: hixiene, alimentación, descanso...
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Valoración da axuda doutras persoas.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracteriza. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas: vestimenta, peiteados, adornos, coloridos...
- Emprego responsable e adecuado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO:

Bloque 1. Medio físico: Elementos, relacións e medida.

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mantendo unha actitude de respecto e coidado

cara a obxectos propios e alleos.

- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.
- Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do arredor.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.
- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas –peso, lonxitude, capacidade, tempo– a través da estimación: comparando, sopesando, observando...
- Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.
- Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.
- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos adecuadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.
- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en

debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

Bloque 2. Achegamento á natureza.

- Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.
- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Descubrimento das diferentes formas en que se atopa a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.
- Identificación dos cambios que se producen en canto a luminosidade, á posición do Sol, aos ciclos da Lúa..., ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.
- Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural –calor, chuvia, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...– e dos producidos pola acción humana –pontes, encoros, aeroxeradores, muíños de auga...–.
- Deleite ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo

unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.

- Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Aproximación ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, mostrando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

ÁREA DE LINGUAXE: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

Bloque 1. Linguaxe verbal.

Escoitar, falar e conversar:

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.
- Participación de forma oral en conversacións, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación adecuada, pronunciación clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.

- Emprego adecuado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas –saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...–.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, mostrando unha actitude positiva cara a esta lingua.

Aproximación á lingua escrita:

- Aproximación á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas – cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas– e propiedades cualitativas – variedade de grafías–. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

Aproximación á literatura:

- Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou un lector competente, de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro..., tanto tradicionais coma contemporáneos, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.
- Dramatización de textos literarios, deleite e interese por expresarse coa axuda de recursos non lingüísticos.
- Memorización e recitación dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos –palabras encadeadas, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...– acompañados de respostas corporais –xestos, movementos, ritmos...– para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas

polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.

- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

- Exploración sensorial dos elementos presentes ao noso arredor integrando actividades de tocar, cheirar, oír e ver.
- Potenciación da imaxinación e a fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica –liña, forma, cor, textura, espazo e volume–.
- Deleite coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión –cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros– que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes –papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproxector, encerado dixital, fotografías...– e das distintas técnicas – debuxo, pintura, colaxe, amasado, modelaxe, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...– como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector...
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no arredor, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquexos

para a consecución dunha melloría na produción.

- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio.
- Recoñecemento de sons do ámbito natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que xera a música.
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e deleite na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
- Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal –mimo, marionetas, teatro de sombras...– colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación adecuada.

Bloque 3. Linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación.

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Aproximación a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Aproximación ao uso do ordenador, á cámara fotográfica... nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación,

presentacións, vídeos... a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.

- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

Todos os contidos que se traballarán ao longo do presente curso escolar organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Polo tanto, na nosa proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe e os proxectos, nos cales englobaremos contidos de diferentes áreas. Ademais dos proxectos e secuencias didácticas recollidas nas distintas programacións de aula levaranse a cabo actividades, proxectos ou secuencias relacionadas coa temática xeral do centro, que este curso será **“O UNIVERSO”**.

Este traballo por proxectos axudará ao noso alumnado a desenvolver progresivamente as competencias básicas, tal e como establece o *D. 330/ 2009, do 4 de xuño, polo se que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

4.- COMPETENCIAS BÁSICAS.

A *Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (LOE)*, establece oito competencias básicas. Aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie dende o comezo da escolarización, polo tanto orientarán e impregnarán o currículo de educación infantil.

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a reformular a práctica educativa. Para desenvolver as competencias traballarase, sobre todo por proxectos e resolvendo problemas.

O aspecto central do enfoque por competencias non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que posúe calquera individuo mediante fórmulas de saber e de facer.

- **Competencia en Comunicación Lingüística:** fomentarse a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a

ler, escribir e conversar.

- **Competencia Matemática:** empregaranse e relacionaranse os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razonamento matemático, resolvendo problemas e ampliando os coñecementos cuantitativos e espaciais da realidade.
- **Competencia no Coñecemento e Interacción co Mundo Físico:** potenciaranse habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, descubrir alternativas...
- **Tratamento da Información e Competencia Dixital:** trátase de resolver problemas reais recurrido o tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos disponibles.
- **Competencia Social e Cidadá:** traballaranse as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos da convivencia, axudan a resolvelos con actitude constructiva e tomar decisións con autonomía.
- **Competencia Cultural e Artística:** a aula convertírase nun espazo no que se aprecie e goce coa arte, potenciarase o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias, onde se manteña unha actitude aberta e crítica cara a diversidade, onde se impulse cultivar a capacidade estética e o interese por participar na vida cultural.
- **Competencia para Aprender a Aprender:** aprender a aprender supón ter habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de seguir aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo. Para a mellora desta competencia a nosa práctica educativa debe incidir na potenciación da comprensión, da memoria, da motivación, da observación, do traballo cooperativo por proxectos, ...
- **Autonomía e Iniciativa Personal:** fomentaremos que o alumno/a imaxine, emprenda accións, desenvolva proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

5.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

En base ao **modelo constructivista** da educación, influenciado por diferentes modelos pedagóxicos e psicolóxicos os Principios de Intervención Educativa que se teñen en conta, parten da **globalización**, posto que o neno/ a percibe as totalidades e configura un coñecemento relacionando todos os bloques de contidos das tres áreas, para que teña lugar unha **aprendizaxe significativa**. Para isto preténdese partir dos intereses dos propios educandos para dar paso aos **proxectos de traballo** que se vaian elaborando dun xeito paralelo ás *secuencias didácticas* ao longo do curso escolar, acompañadas dun *programa de hábitos* para afianzar normas e pautas de convivencia.

O enfoque por competencias modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, pois o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que ten cada individuo mediante fórmulas **de saber e de facer** contextualizadas.

Basándonos nas competencias básicas do ciclo utilizaremos unha metodoloxía que:

- Fomente a aprendizaxe mediante a resolución de problemas centrándose nunha aprendizaxe funcional situado en contextos concretos, que fomente a motivación do alumnado e asentado nun traballo multidisciplinar.
- A tarefa debe concretarse nun contexto próximo ao alumnado.
- Daráselle máis importancia á “creación” que “recepción”: construción de aprendizaxes.
- Propóranse actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
- Traballaranse distintos contextos, non só o académico (tamén o familiar, o persoal, o profesional...).
- Propoñeremos unha metodoloxía centrada na actividade e a participación do alumnado, que favoreza o pensamento racional e crítico.
- A tecnoloxías da información e da comunicación formarán parte do uso habitual como instrumento facilitador para o desenvolvemento do currículo.
- A consulta de fontes variadas nas tarefas é un principio básico para aprender a aprender, desenvolver la competencia dixital e a autonomía persoal á vez que desenvolve a competencia comunicativa.
- A metodoloxía será activa e participativa basada na construción da aprendizaxe a

partir de experiencias concretas e directas interaccionando co entorno máis próximo nun primeiro momento, ampliando os coñecementos segundo o desenvolvemento do alumnado.

- Atenderemos ao principio da individualidade; respectando os ritmos e capacidades dos alumnos e alumnas e adaptando as programacións de aula e o desenvolvemento dos contidos.
- Teremos en conta as características sociais, e naturais do contorno; promovendo actividades que compensen as deficiencias do alumnado provocadas pola dispersión xeográfica e a falta de recursos próximos.
- Utilizaremos unha metodoloxía integradora, procurando implicar aos pais e nais na educación e formación dos seus fillos e fillas.
- Aproveitaremos as posibilidades educativas que ofrece a actual sociedade, fóra do marco estrictamente escolar, priorizando actividades que promovan a reflexión crítica, o traballo cooperativo e os contidos transversais.
- Deseñaremos actividades que desenvolvan as competencias do alumnado axudándoos a madurar intelectualmente e persoalmente.
- Integraremos na programación de aula as actividades do proxecto lector, plan tic proxecto lingüístico e plan de convivencia.
- En canto ao profesorado tenderase a establecer unha coordinación horizontal e vertical que inclúa os tres niveis educativos que se impartan no centro.

6.- ACTIVIDADES.

As actividades son a maneira activa e ordenada de levar a cabo as experiencias de aprendizaxe. Dividirémolas en tres grupos, en función da súa finalidade:

- **Actividades iniciais, previas ou de motivación:** para tratar de averiguar as ideas, intereses, necesidades... dos alumnos/as sobre os contidos que se van traballar.
- **Actividades de desenvolvemento:** encamiñadas á consecución dos obxectivos establecidos traballando os contidos especificados. Polo tanto, a través delas os alumnos/as entrarán en contacto cos contidos que se estima absolutamente necesario que asimilen.
- **Actividades finais:** deseñadas de maneira que non poidan ser percibidas polos

alumnos/as como diferenciadas, servirán para reaxustar permanentemente o proceso educativo en base á información que proporcionan.

Así mesmo, para aqueles alumnos/as que teñan un ritmo de aprendizaxe máis lento, deseñaremos **actividades de reforzo**, co obxecto de facilitar o desenvolvemento das capacidades do neno/a de acordo coas súas características individuais; e para os alumnos/as que teñan un ritmo de aprendizaxe máis rápido, propondremos **actividades de ampliación**, co fin de posibilitarlles seguir avanzando no seu proceso de aprendizaxe, unha vez que teñen realizadas satisfactoriamente as tarefas propostas.

O **tema do proxecto interdisciplinar de centro** este ano tratará “**O UNIVERSO**”, polo que utilizaremos esta temática como eixo conductor para levar a cabo diversas actividades.

Algúns exemplos do tipo de actividades que se levarán a cabo ao longo do curso escolar en función das capacidades que se pretende que adquiran os nenos /as, son os seguintes:

- **Actividades que axuden a desenvolver a linguaxe:** falar, comunicarse e contar experiencias en conversacións grupais, relatos (narración, invención, creación conxunta...), describir láminas, debuxos, obxectos... Aprender a inventar cancións, poemas, trabalinguas, adiviñas... Xogos con palabras, gravar coa gravadora conversacións, poemas, cancións... e escoitalos, gravar sons e identificalos, etc.
- **Actividades que axuden a desenvolver a coordinación motriz:** andar, correr, brincar, trepar, rodar, gatear, arrastrarse, deslizarse, balancearse, levar e amontoar, empurrar e tirar, estirar, botar, lanzar e coller, dar saltos, manter o equilibrio, golpear un balón, exercicios de imitación de xestos e posturas, xogos de orientación no espazo, nos que estar arriba, abaixo, dentro, fóra... Actividades de relaxación global e segmentaria, exercicios de respiración, de lateralidade, etc.
- **Actividades que axuden a desenvolver a expresión:** dramatizar, cantar, escenificar, contar contos, realizar xestos e movementos, xogos de expresión, de imitación, de representación, xogos rítmicos e sonoros, xogos con monicreques, disfrazarse...
- **Actividades sensoriais:** xogos de discriminación táctil, auditiva, olfativa, gustativa,

exercicios de comprensión de imaxinación sensorial, etc.

- **Actividades de observación e experimentación:** actividades con animais (de coidar, alimentar, experimentar,...), actividades con plantas (de plantar, regar, experimentar...), actividades de recollida gráfica, actividades de construción de sementeiros, formigueiros, terrarios, reloxos de observación... Xogos con espello e luz, xogos de sombras, experimentos con elementos transparentes, opacos, traslúcidos,... Actividades con auga e area empregando as propiedades de frotación, resistencia, disolución de obxectos... Actividades de mesturar, remover, encher e baleirar, colar,...
- **Actividades que axuden a desenvolver o pensamento lóxico-matemático:** emparellar, agrupar, seriar, ordenar, medir, contar, comparar, facer o relato de cousas, xogos de estradas, recorridos ou circuítos, labirintos, xogos con formas xeométricas, peso con balanza, facer conxuntos, clasificacións con materiais varios, correspondencias, xogos de comparacións de cantidades, etc.
- **Actividades para o inicio da aprendizaxe lectoescritora:** exercicios preparatorios de destreza de mans e dedos (modelado, colaxe,...), actividades de reproducir o trazo no aire, no chan, no encerado, con lá, con pintura de dedo... Actividades de localización de letras, palabras... na clase, no contorno, en contos, revistas... Actividades de rotular, de recoñecer e aparellar nomes e debuxos, xogos de memory-card, etc.
- **Actividades musicais:** xogos sonoros (co seu propio corpo, con obxectos cotiás, con instrumentos musicais), bailar, cantar, seguir ritmos sinxelos, danzas, actividades de ecos, de recoñecer tipos de sons, o timbre dos mesmos, a duración, a intensidade, etc.
- **Actividades plásticas:** debuxar, recortar, puncear, pintar con pinceis, con ceras... Pegar, mesturar, perforar, pregar, dobrar, facer colaxes, gravados, modelados (con arxila, plastilina, pasta de papel, pasta de fariña,...), realizar estampados (cos dedos, con esponxas, tapóns,...), elaborar obxectos con materias de refugallo, etc.
- **Actividades de cociña:** poñer a mesa, ordenar cubertos, buscar ingredientes, disolver, espremer, bater, xirar, verter, axitar, amasar, realizar batidos, zumes, comidas, postres... Elaborar un libro de cociña con fotografías, recortes, debuxos, dos utensilios e ingredientes empregados e cos momentos máis significativos do proceso...

Todas estas actividades atenden a diversos tipos de agrupamentos, podendo ser **actividades en gran grupo** (a asamblea diaria, a lectura de contos, os xogos dirixidos...), **actividades en pequeno grupo** (actividades en recunchos ou talleres...) e **actividades individuais** (realización de fichas impresas, lectura de contos...).

Este curso as actividades que se desenvolvan estarán condicionadas pola situación sanitaria actual provocada pola pandemia do Covid-19, polo que se terán en conta as instrucións establecidas na *Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade que aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2021-2022*.

Tódolos cursos se levaban a cabo actividades que están integradas dentro do **Proxecto Lector do centro**, como é, por exemplo, o “**Servizo de préstamo de contos**”. Cada aula contará cun baúl cunha selección de contos da biblioteca que se irán rotando ao longo do curso, para facer uso deles dentro da aula.

De igual xeito, se a situación sanitaria actual o permitise, ao longo da programación celebraranse as conmemoracións recollidas na *ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, sendo as que se mencionan a continuación:

- **20 de novembro de 2021:** Día Universal da Infancia.
- **25 de novembro de 2021:** Día Internacional da Violencia de Xénero.
- **Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021:** Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- **3 de decembro de 2021:** Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- **10 de decembro de 2021:** Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- **24 de xaneiro de 2022:** Día Internacional da Educación.
- **30 de xaneiro de 2022:** Día escolar da non violencia e da Paz.
- **24 de febreiro de 2022:** Día de Rosalía de Castro.
- **8 de marzo de 2022:** Día Internacional da Muller.
- **15 de marzo de 2022:** Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- **Do 7 ao 11 de marzo de 2022:** Semana da Prensa.

- **7 de abril de 2022:** Día Mundial da Saúde.
- **Entre o 18 e o 22 de abril de 2022:** Semana do Libro.
- **2 de maio de 2022:** Día Internacional do Acoso Escolar.
- **9 de maio de 2022:** Día de Europa.
- **Do 16 ao 20 de maio de 2022:** Semana das Letras Galegas.
- **5 de xuño de 2022:** Día Mundial do Ambiente.

7.- TEMPORALIZACIÓN.

A temporalización desta programación terá un carácter flexible que nos permita adaptarnos ás circunstancias que poidan darse ao longo do curso, xa que debido á situación sanitaria actual é posible que moitas actividades e celebracións non poidan levarse a cabo.

A ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o **período de adaptación** do alumnado que comeza a etapa de educación infantil non se prolongará mais alá do día 21 de setembro de 2021. Tendo presente isto, dende o día 9 e ata o día 21 de setembro o alumnado de 4º educación infantil irá incorporándose á vida escolar de forma gradual en pequenos grupos, ampliando o tempo de permanencia no centro progresivamente. A titora do grupo contará coa axuda doutro mestre no desenvolvemento do mesmo.

8.- AVALIACIÓN.

8.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:

- Recoñece, identifica e representa o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Coordina e controla o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adáptao ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.

- Recoñece os sentidos e identifica percepcións e sensacións.
- Ten construída unha imaxe positiva propia e acepta a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identifica e manifesta os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprende os das demais persoas.
- Participa en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participa en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- Resolve con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colabora en tarefas e acepta as normas.
- Manifesta hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- Identifica situacións de risco e actúa coherentemente ante elas.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO:

- Explora os obxectos e elementos do contorno inmediato e actúa sobre eles. Recoñece os seus atributos e calidades. Agrupa, clasifica e ordena estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.
- Emprega os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Propón e resolve problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Recoñece algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.
- Describe e representa dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.
- Usa e comprende nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.
- Da mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identifica e nomea algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifesta actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e

participa en actividades para conservala.

- Identifica e recoñece as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.
- Identifica e coñece os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñece, identifica e pon exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.
- Recoñece algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

- Utiliza a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- Comprende mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Amosa interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Interésase e participa nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Produce diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
- Goza compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Utiliza a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Exprésase e comunícase utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostra interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Utiliza, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da

información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

8.2.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación será **inicial**, constatando o nivel do alumnado para elaborar a programación de aula, **continua** constatando os progresos e adaptando a metodoloxía, materiais e recursos aos resultados da avaliación e **final**, como recompilación de todo o proceso de ensino - aprendizaxe. Ademais terá **carácter global, formativa e integrador**.

▪ **Procedementos de avaliación:** Os *procedementos e instrumentos de avaliación* que se empregarán serán os seguintes:

- A observación directa do traballo diario.
- A observación indirecta a través do traballo realizado nas fichas.

▪ **Sesións de avaliación:**

Segundo a *Orde do 25 de xullo de 2009 pola que se regula a avaliación na educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*. As mestras e mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas, e co desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre os mestres e mestras do ciclo e entre os diferentes ciclos e do profesorado do terceiro ciclo co de educación secundaria.

As sesións de avaliación celebraranse unha vez ao trimestre e estarán presididas polos tutores e titoras que deberán proporcionar información do alumnado aos mestres especialistas, tamén deberán comunicar os resultados da mesma aos pais/nais.

As datas das sesións de avaliación do ciclo de educación infantil serán a seguintes:

| AVALIACIÓNS | DATA |
|--------------------|-------------|
| Avaliación inicial | 4 outubro |
| 1º avaliación | 13 decembro |
| 2º avaliación | 4 abril |
| 3º avaliación | 13 xuño |

Os datos recollidos nestas sesións serán cargados no XADE de onde se xerarán os boletíns informativos que serán remitidos as familias.

9.- OUTRAS ESPECIALIDADES.

LINGUA ESTRANXEIRA

OBXECTIVOS:

- Desenvolver interese pola aprendizaxe da lingua inglesa.
- Distinguir e utilizar correctamente as fórmulas de saúdo e despedida.
- Comprender mensaxes orais en situacións habituais de comunicación na aula e responder a estes.
- Aprender vocabulario referido ás diferentes unidades.
- Familiarizarse cos números do 1 ao 10 en inglés de maneira contextualizada.
- Cantar e representar unha canción.
- escoitar e representar un conto.
- Desenvolver a coordinación física e as destrezas motoras finas.
- Realizar de forma cada vez máis autónoma as actividades habituais e tarefas da aula.
- Fomentar o desenvolvemento da orientación espacial e coordinación física mediante as actividades de resposta física total (TPR).
- Coñecer aspectos tradicionais de diferentes celebracións da cultura inglesa.

CONTIDOS:

- Adquisición e utilización de fórmulas de saúdo e de despedida.
- Identificación e uso do vocabulario novo.

- Identificación de fórmulas básicas da lingua inglesa.
- Seguimento de instrucións orais para participar nas actividades.
- Escenificación de accións e mímica para *chats*, rimas, xogos de movemento e cancións.
- Utilización do propio corpo como recurso expresivo para comunicarse.
- Comprensión global das escenas representadas no DVD (contos, situacións reais,...)
- Discriminación entre as situacións reais e imaxinarias presentadas no DVD.
- Uso e disfrute do CD-ROM para reforzar e ampliar as nocións lóxico matemáticas, psicomotrices, de expresión musical e de linguaxe relacionadas cos contidos traballados na unidade en clase.
- Mellora da pronunciación en inglés mediante xogos.
- Resposta física ás instrucións orais e de bailes.
- Desenvolvemento da orientación espacial mediante xogos.
- Respecto polas producións propias e alleas.
- Valoración do propio esforzo na realización das actividades.
- Coñecemento dos aspectos tradicionais das diferentes celebracións da cultura inglesa.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Mostra interese e curiosidade polo que sucede no conto.
- Recoñece os personaxes.
- Afaise ás rutinas da clase de inglés.
- Recoñece o vocabulario das diferentes unidades.
- Participa cantando as cancións, xogos e actividades de TPR.
- Escoita para obter información específica.
- Responde verbal e non verbalmente as instrucións.

RELIXIÓN CATÓLICA

OBXECTIVOS:

- Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.

- Observar as manifestacións do entorno familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
- Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
- Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de alabanza e o sentido das festas relixiosas.
- Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.
- Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, quérenos perdóanos sempre.
- Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e quérenos, morreu por nos e resucitou para estar con nos.
- Descubrir que a Virxe María é la Nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.
- Respectar ás persoas e as cousas do seu entorno, coidalas e preocuparse delas, como fixo Xesús e ensínanos a facer.

CONTIDOS:

- O corpo humano obra de Deus Creador con a colaboración de os pais. A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido de Deus.
- Valoración da saúde como agasallo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.
- A creación, obra de Deus e agasallo aos seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratidade e admiración pola creación.
- Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
- Deus é o noso Pai, cóidanos e convidanos a servir aos demais.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.

- Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (Nosopai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).
- Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
- O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Jesús.
- Jesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.
- O diálogo con Deus: a oración do cristián. O home con Deus para escoitalle, pedirlle axuda e darlle grazas.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- A manifestación do amor cristián en xestos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar aos compañeiros.
- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
- O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas da contorna.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Escoita con atención distintos relatos bíblicos.
- Recita os contidos principais das unidades.
- Nomea elementos da natureza e recoñéceos como obra creadora de Deus.
- Explica a importancia de coidar a natureza.
- Imita xestos relixiosos coas diferentes partes do corpo.
- Nomea o lugar onde naceu o Neno Xesús.
- Describe a festa do Nadal.
- Identifica a Virxe María e a San Xosé.
- Recoñece a Virxe María como a nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- Sinala comportamentos de axuda e colaboración na familia.
- Recoñece comportamentos que implican amar e compartir.
- Sinala diferentes xestos de axuda cara aos demais.
- Discrimina entre escenas que mostran amor e outras que non transmiten este

- sentimento.
- É consciente da importancia de perdoar.
- Identifica a Xesús como Fillo de Deus e amigo noso.
- Identifica obxectos relacionados con Xesús.
- Recoñece a imaxe dunha igrexa.
- Identifica escenas que representan xestos de amor cristián.
- Identifica obxectos relacionados co bautismo.
- Nomea as principais oracións cristiás.

ATENCIÓN EDUCATIVA

As sesións de atención educativa serán destinadas á realización de actividades que promovan a consecución dos seguintes obxectivos:

- Favorecer o gusto polos contos e o uso da biblioteca.
- Desenvolver hábitos de cooperación e respecto polo propio traballo e dos demais.
- Promover a educación en valores.
- Desenvolver o traballo en equipo.
- Descubrir e utilizar novas técnicas plásticas.
- Fomentar a convivencia democrática.

Algunhas das actividades que se levarán a cabo son:

- Lectura de contos e posterior diálogo sobre o mesmo.
- Actividades de comprensión sobre un conto (personaxes, protagonista, historia...) a través de debuxos, vocabulario...
- Xogos de mesa (memory, dominós...sobre distintas temáticas).
- Actividades plásticas.

10.- ORGANIZACIÓN E RECURSOS.

ORGANIZACIÓN ESPACIAL:

As aulas de 4º educación infantil, 5º educación infantil, 6º educación infantil (grupo B) e biblioteca de educación infantil atópanse no soto do edificio administrativo, ao igual que os patios interior e exterior. Este curso académico ademáis utilizaremos o edificio de primaria, pois a aula de 6º educación infantil (grupo A) está situada na planta baixa do edificio de primaria.

Este curso, na organización espacial das aulas, tivéronse en conta as instrucións establecidas na Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade que aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2021-2022.

En educación infantil a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupo de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen no centro.

Conformáronse grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/ as (preferiblemente sempre os mesmos) que se constitúen como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidades dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 m respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e persoal non docentes que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

Tamén se retirou o mobiliario non indispensable o que fixo diminuír a superficie útil da aula e así obter o máximo distanciamento posible.

ORGANIZACIÓN TEMPORAL:

Na planificación das actividades realizadas ao longo da xornada, buscarase o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais dos nenos e nenas do grupo (descanso, alimento, actividade...) e a conveniencia de manter rutinas diarias

que lles poidan servir de marco de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais, isto é que lles axude a diferenciar o que fan antes e despois; a organización do tempo será flexible, dando cabida a situacións que surdan na aula e no centro.

Por outro lado manteremos unha rutina de actividades estables, aínda que o suficientemente flexibles como para dar cabida ás necesidades e intereses individuais. Permitirá aos alumnos ser conscientes do traballo a realizar en cada momento, sen necesidade de alterar demasiado o ritmo da clase, explicando as tarefas que se van a realizar en cada momento.

Tendo presentes as instrucións establecidas na Resolución do 1 de setembro de 2021, iniciaremos a xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Nesta etapa restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais.

RECURSOS ESPACIAIS:

- Aula – clase.
- Biblioteca infantil.
- Aula de informática.
- Pavillón polideportivo.
- Aula de música.
- Aula de relixión.

Tendo en conta as instrucións establecidas na Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade que aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2021-2022, realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre

clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

RECURSOS MATERIAIS:

- Biblioteca de aula.
- Ordenador, proxector e EDI.
- Materiais funxibles (folios, lápices, cartulinas...).
- Xogos didácticos.
- Mapas, láminas...
- Libros de consulta, revistas,...
- Ordenadores portátiles a disposición do profesorado.
- Fotocopiadora.
- Plastificadora.

O materiais empregados polo alumnado non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección. Este curso elimináronse xoguetes e obxectos que non eran estritamente necesarios.

RECURSOS HUMANOS:

O profesorado que impartirá clase neste ciclo foi mencionado no apartado de contextualización da programación.

Ademais, do propio persoal do centro, estableceranse coordinacións coa animadora sociocultural do concello, para realizar algunha actividade o longo do curso, se as condicións sanitarias o permitisen.

11.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Á hora de planificar a práctica docente na aula debemos ter en conta que neste contexto existe unha gran diversidade no alumnado e, aínda que existen unhas características comúns, cada un ten o seu propio desenvolvemento, os seus intereses e as súas motivacións que deberemos coñecer e axuntar nuns criterios o máis

coherentes posibles coas características de todo o alumnado.

Por iso, na educación infantil debemos atender á totalidade do alumnado, identificando as súas necesidades e promovendo a prevención ante posibles indicios que mostren ao profesorado necesidades educativas específicas. A prevención que debemos fomentar na aula será unha prevención primaria, é dicir, cada profesor/a deberá detectar os factores de risco físico, psicolóxico e social, paliar o seu avance e actuar en consecuencia antes de que se agrave a situación.

O noso primeiro empeño será conseguir que todos os nenos e nenas traballen e aprendan de acordo coas súas posibilidades e características individuais. É por isto que se respectará o ritmo de aprendizaxe de cada un ofrecéndolle o tempo necesario para a realización de cada unha das actividades cotiás, e levaranse a cabo **actividades de reforzo** para aqueles que teñan un ritmo de aprendizaxe máis lento e **actividades de ampliación** para aqueles nenos e nenas que teñan un ritmo de aprendizaxe máis rápido.

Así mesmo, tanto nos momentos de xogo como nos de traballo evitaranse discriminacións por diferenzas de sexo, de relixión, de cultura, ou de tipo físico ou intelectual, ao igual que se buscará a integración de todos os nenos/as no grupo-clase, procurando que ningún deles sexa aillado ou rexeitado.

Por outra banda, e dende fai algún tempo, observase que o noso alumnado chegan ó centro cunha linguaxe pobre, infantilizada e pouco estimulada. Malia que non é algo que se polida xeneralizar a todo o alumnado si afecta a unha porcentaxe importante a ter en conta, polo que o equipo de ciclo de infantil ve moi necesario levar a cabo **actividades que reforcen a estimulación da linguaxe** nos tres niveis da etapa, tomando como momentos clave para levar a cabo ese reforzo, as seguintes situación ou experiencias:

- As rutinas de entrada e saída, nas que sempre se levan a cabo faladoiros onde os nenos e nenas se expresan, praxias feitas a través de contos...
- Cancións, retahílas, xogos orais de encadenamento, xogos coma o “Veo, veo”...
- Momentos de relaxación facendo masaxes faciais.
- Xogos de imitación ou repetición de palabras.

- Momentos de recollida de información cando comezamos un proxecto e se plantexan hipóteses, fomentando sempre que falen os nenos e nenas que máis lles custa expresarse, e dándolles sempre o modelo correcto.
- Os recunchos, aproveitando este momento para falar máis individualmente con eles e digan o que están facendo, falando dunha maneira máis tranquila sen que outros nenos/as interrompan mentres se expresan

Ademáis desde momentos xa ditos, calquera outra situación na que os rapaces e rapazas sintan necesidade de decir ou contar algo, é tamén un bo momento para favorecer e reforzar a estimulación da linguaxe.

Tal e como se establece no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se establece a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, é fundamental dispoñer todos os medios para que o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

As actuacións necesarias para a atención á diversidade do noso alumnado que presenta algunha necesidade específica de apoio educativo, levarémola a cabo tendo en conta o Plan de Atención á Diversidade e as medidas e programas levados a cabo polo Departamento de Orientación do noso centro.

12.- CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO.

PROXECTO LECTOR:

Levaremos a cabo diversas actividades que contribuirán ó desenvolvemento deste proxecto no centro. Estas actividades serán as seguintes:

- “A hora de ler”: Tódolos días se levará a cabo a lectura dun conto escollido de entre os que xa temos na aula ou na biblioteca de infantil. Esta hora estará fixada no horario de cada titora en función das horas dispoñibles libres de especialistas.
- Elaboración de libros interactivos partindo das diferentes temáticas traballadas na aula, para o seu uso tanto na aula como na casa, fomentando así a colaboración e

o traballo entre a familia e a escola.

Este curso retomarse actividades que o curso pasado non se desenvolveron xa que estaban condicionadas e que este ano se poderán desenvolver de maneira habitual segundo establece a Resolución do 1 de setembro, como son as seguintes:

- “Préstamo de libros”.
- “Mochila viaxeira”.

PLAN DE CONVIVENCIA

- Lectura e análise das normas de funcionamento do centro e da aula.
- Colaboración do alumnado en tarefas de coidado do centro e do medio.
- Participación en actividades para mellorar a convivencia.

PLAN TIC E ROBÓTICA

- Actividades co encerado dixital interactivo (EDI) do que dispón cada aula e a biblioteca de infantil.
- Recuncho de informática nas aulas.
- Material adaptado para traballar a robótica, utilizando os Bee-bots.

PROXECTO LINGÜÍSTICO

- Lectura de contos.
- Elaboración de contos.
- Adquisición de novo vocabulario sobre distintas temáticas.
- Actividades de expresión oral e escrita.

13.- EDUCACIÓN EN VALORES.

Se temos en conta que a educación debe cumprir unha función socializadora, tomando en consideración aqueles coñecementos que se xuzgan culturalmente relevantes, que a sociedade reclama cada vez máis un papel activo da escola coa implantación dunha nova orde de valores, e que o obxectivo fundamental da educación é contribuír ao

desenvolvemento integral das persoas, nos centros educativos debe abordarse necesariamente a educación en valores, axudando a promover os valores que conveñen e desenvolven a todos os seres humanos.

Agora ben, familia, escola e sociedade deben compartir a responsabilidade de formar para a convivencia, promovendo conductas de respecto, tolerancia e cooperación co contorno como un compromiso de voluntades cara o que é valioso na educación: o desenvolvemento persoal e a convivencia pacífica na sociedade aberta e pluralista na que estamos inmersos, posto que a educación non é un feito aillado que se dá de forma parcelada en sectores (familiar, escolar), senón dentro dun sentido de responsabilidade compartida, en cooperación e por medio dunha activa participación conxunta nos procesos educativos.

O tratamento da educación en valores na aula, realizarase considerando que para conseguir que o alumno/ a interiorice os valores desexables nesta sociedade, sendo capaz de facelos operativos na súa conducta e extrapolándoos a calquera situación que se lle presente, é necesario desenvolver unha serie de estratexias e ter moi claro que se aprenden fundamentalmente por imitación do comportamento adulto.

Deste xeito, abordaremos a educación en valores en forma de actividades concretas dentro dos distintos proxectos que vaian xurdindo ó longo do curso, pero sobre todo, aparecerá reflectida de maneira global en todos e cada un dos elementos que compoñen o proceso de ensinanza-aprendizaxe, a través do desenvolvemento da:

- **Educación para a Paz**, educando na convivencia, a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e intolerancia.
- **Educación para a Saúde**, fomentando nos nenos/as unha alimentación sa, repouso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes, etc.
- **Educación para a Igualdade de Oportunidades**, eliminando roles sexistas e aplicando estratexias que permitan correxir desigualdades, xa sexa por razóns de sexo, raza, cultura, relixión...
- **Educación Ambiental**, valorando a importancia que o medio natural ten para a vida das persoas e desenvolvendo actitudes de respecto e coidado cara el.
- **Educación para o Consumidor**, tratando de que o alumnado adquira unha actitude

crítica e responsable cara o consumo.

- **Educación Vial**, procurando que os alumnos/as comprendan e respecten as normas de seguridade.

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares estarán condicionadas na Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade que aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2021-2022.

Tendo en conta as instrucións do protocolo intentarase celebrar, na medidas das posibilidades, as seguintes actividades:

| Actividades complementarias e extraescolares | | |
|---|--|---|
| 1º trimestre | 2º trimestre | 3º trimestre |
| Período de adaptación. Samaín. Magosto. Nadal. | Entroido. Día da Paz. Día da muller. | Día das Letras Galegas. Semana do libro. |

15.- RELACIÓN COAS FAMILIAS.

Unha actitude próxima e dialogante entre a escola e as familias é fundamental, xa que a educación dos nenos/ as é competencia de pais e de docentes. A colaboración debe ser o máis fluída posible, e debe producirse nun clima de confianza e de mutuo respecto.

O intercambio de información debe darse por ámbalas dúas partes, por parte do docente á familia, para informalos das actividades que se realizan no centro, da actitude do neno /a e das súas relacións, dos problemas que poidan xurdir... e, por parte da familia ao centro, sobre o desenvolvemento evolutivo e emocional do neno/ a,

da súa actitude na casa, se hai algunha dificultade que debe atenderse...

O comunicado de información prodúcese de diversas formas:

- **Reunións grupais informativas** con todas as familias do grupo, que tratarían de aspectos xerais, organización, horarios, obxectivos e contidos que se van impartir, actividades extraescolares que requiran a conformidade e o acompañamento dos pais, orientacións pedagóxicas... Nestas xuntanzas, as familias coñécense e toman contacto entre elas. É aconsellable realizar unha xuntanza antes de comezar o curso e, polo menos, unha por trimestre escolar.
- **Entrevistas individuais:** son imprescindibles para obter información xeral sobre o neno/a, os datos básicos familiares e as expectativas que a familia ten sobre o seu fillo/a, así como para transmitir información por ambas as dúas partes sobre a avaliación ou problemas puntuais que poidan xurdir. É esencial programar na semana, un día para entrevistas individuais cos pais/ nais.

O boletín de información trimestral entregarase ao final de cada trimestre. Neste, a familia pode atopar información da evolución do proceso de ensino - aprendizaxe do seu fillo/a.

Seguindo as instrucións da *Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade que aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2021-2022.*, na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á **reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono**. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade e o emprego de máscara xunto coa dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

16.- ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO.

A Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e

Universidade e de Sanidade que aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2021-2022., establece que a suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas relativas ao ensino a distancia.

Esta programación quere deixar recollida a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia provocado por algunha situación de confinamento.

O ciclo de educación infantil tomou a decisión de que dende as titorías elaborarse un material complementario de traballo (fichas impresas, xogos didácticos...) que lle será enviado ao comezo de curso ás familias nun maletín, xunto cun estoxo con materiais funxibles (lapis e goma, cores, rotuladores, punzón, tesoiras...) para empregar na realización dos traballos. Este maletín virá de volta para o centro ao rematar o período de confinamento para reemprar os traballos do mesmo. Serán actividades que reforcen os contidos traballados e que abarquen as áreas de coñecemento de si mesmo, coñecemento do contorno e área de linguaxe (comunicación e representación).

Ademais, empregarse a aula virtual e un blog como fonte de recursos para as familias, onde se lles publicarán actividades lúdicas, cancións, contos, xogos interactivos...

Optarase por un traballo de titorización e contacto diario coas familias e alumnado por medio da aplicación Abalar Móbil e as videochamadas ou videoconferencias a través de Webex.

O equipo Covid do centro comprobará a viabilidade dun ensino virtual ou telemático en cada fogar por falta de conexión, equipamentos... As familias actuarán como mediadoras durante o período de confinamento do alumnado. Dende o centro asesoraremos a súa actividade de mediación nas diferentes propostas que se realicen para que ningún alumno/ a quede illado do proceso de aprendizaxe.

O procedemento de avaliación que se empregará será a valoración dos traballos realizados polo alumnado así como a observación do seu desenvolvemento e participación nas videochamadas e videoconferencias que se realicen.

17.- PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Para avaliar a programación teremos reunións de ciclo periódicas nas que se recolleran os seguintes aspectos:

| AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN | | |
|--|-----------|------------|
| Obxectivos: | Si | Non |
| Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel? | | |
| Están secuenciados con respecto aos niveis anteriores? | | |
| Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa? | | |
| Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia relaciónase?. | | |
| Contidos: | Si | Non |
| Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores? | | |
| Explicitanse os mínimos exixibles para este nivel? | | |
| Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal? | | |
| Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes? | | |
| As competencias básicas | Si | Non |
| Foron traballadas a totalidade das competencias básicas. | | |
| Empregáronse recursos para o desenvolvemento das competencias básicas. | | |
| Consideráronse as competencias básicas un elemento organizador do proceso educativo. | | |
| No relativo á metodoloxía: | Si | Non |
| Foron traballadas a totalidade das competencias básicas. | | |
| Empregaronse recursos para o desenvolvemento das competencias básicas. | | |
| Consideráronse as competencias básicas un elemento organizador do proceso educativo. | | |
| No relativo á metodoloxía: | Si | Non |
| Utilizáronse recursos pedagóxicos necesarios? | | |
| Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores? | | |
| Foron axeitados os espazos previstos? | | |
| Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente? | | |
| No relacionado coa avaliación | Si | Non |
| Fíxose unha avaliación real e útil | | |
| As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre os progresos de cada alumno e alumna? | | |
| Definíronse correctamente os criterios de cualificación. | | |
| Deseñáronse actividades de recuperación para o alumnado que o precisou. | | |
| Realizouse un axeitado seguimento do alumnado. | | |
| No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo: | Si | Non |
| Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos...)? | | |
| Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)? | | |

18.- MELLORAS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

Dende o equipo de ciclo, cremos que é moi importante **realizar unha labor preventiva dende infantil en canto a linguaxe**, xa que curso tras curso se detecta unha necesidade importante de estimulación da fala e da linguaxe.

As titoras realizan un traballo diario a través de praxias e moitos momentos comunicativos ó longo da xornada favorecendo unha estimulación da linguaxe oral de aqueles nenos/ as que teñen máis dificultades á hora de expresarse, pero este traballo en moitas ocasións non é suficiente para solventar as dificultades que presentan certos alumnos/ as. Por este moito, propoñemos como unha mellora para este curso, aproveitando que contaremos cunha especialista de audición e linguaxe a tempo completo, que se prioricen aqueles casos nos que as dificultades da linguaxe interfiren na aprendizaxe da lectoescritura, e que dada a súa importancia e complexidade deben ser tratadas por un especialista. Evitando así que estas dificultades se alarguen no tempo e poidan solventarse na medida do posible antes do paso a etapa de educación primaria. Sen esquecer por suposto, aqueles casos que debido as súas necesidades específicas de apoio educativo, deben seguir cunha atención pormenorizada e individualizada por parte das especialistas tanto de audición e linguaxe como de pedagogía terapéutica, mellorando na medida do posible a atención que se lles viña dando ó longo do pasado curso. Neste sentido, sinalamos tamén como outra proposta de mellora a distribución dos apoios de infantil priorizando a aula de 6º educación infantil (Grupo A), tendo en conta as dificultades e NEAE que presenta ese grupo.

Tamén habería que valorar a posibilidade de acondicionar espazo de patio cuberto da zona de infantil. Cremos que o espazo co que conta infantil como zona común precisa de ser acondicionado, xa que é o espazo co que se conta para poder realizar actividades conxuntas e a zona de recreo nos días de mal tempo. Ademais de valorar a posibilidade de mellorar os patios exteriores. Consideramos fundamentais os patios exteriores como zonas de aprendizaxe lúdico e sería de gran riqueza convertelos en patios dinámicos.

O profesorado participará na formación de patios dinámicos xa que consideramos que estes son esenciais para o desenvolvemento do xogo de grupo, debido que traballan a cooperación. Ademais, diminúen notablemente os conflitos e favorecen a

creatividade á hora de sair dos típicos xogos como o fútbol ou as carreiras. Tamén favorece as relacións sociais, estas vólvense máis cercanas e axúdase a coeducar sen prexuízos ou estereotipos de xénero. O valor do respecto tamén se ve reflectido nestas dinámicas, ademais de fomentar o diálogo e a responsabilidade.

Os docentes tamén participarán no proxecto de escola verde que está centrado en acadar cambios de comportamento e fomentar actitudes responsables co medio ambiente e no Plan Proxecta+ que é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial pero que ademais estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

Rois, 14 de setembro de 2021.

A coordinadora de ciclo de educación infantil.

Asdo: Estefanía Sánchez de la Fuente.